



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

PROPOSTA DE ACORDO

Nº Expediente:	2026/T002/000025
Data expediente:	14/09/2026
Obxecto:	Modificación orzamentaria mediante suplemento de crédito 2026/SC/01 financiado con RLTGX

Consonte co disposto no artigos 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 35 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, cando haxa de realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da Corporación crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da Corporación ordenará a incoación do expediente de concesión do crédito extraordinario, no primeiro caso, ou de suplemento de crédito no segundo.

O Pleno aprobou un recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 44.386,34 euros, expte. 2026/X998/000001, que se imputaron ao exercicio 2026. Polo tanto, procede repoñer crédito nas aplicacións orzamentarias afectadas: 920 22699 e outras da bolsa de vinculación 9-2. Ademais, por Resolución da Alcaldía aprobouse unha factura de Juan Carlos Llamazares Díaz por asistencias técnicas no 2024-2026, que tamén se imputou ao exercicio 2026, por importe de 33.031,50 euros.

Por outra banda, o programa de conciliación vinculado á EEI Coirós supón un importante gasto para este concello, que vén de adxudicar os contratos de comedor e monitoraxe, e transporte escolar. Polo tanto, procede suplementar crédito na aplicación orzamentaria 231 22699 por importe de 44.320,09 euros para os gastos comprometidos para o cuarto trimestre do ano.

Por último, o programa municipal de actividades de conciliación, sociais, culturais tamén implica un importante gasto para as arcas municipais, que se estima en 15.251,62 euros para baile e música tradicional e actividades culturais, e 5.597,00 euros para actividades deportivas. Xa que logo, procede suplementar o importe previsto nas aplicacións orzamentarias 332 22699 e 341 22699.

En total o Concello obrígase a contar co crédito necesario para facer fronte á achega municipal a estes gastos correntes por importe de **142.586,55 euros**.

Trátase de gastos que non pode demorarse ata o exercicio seguinte, e visto que a liquidación do exercicio 2025 arroxa un **Remanente Líquido de Tesouraría para Gastos Xerais de 922.362,40 euros**, dos cales xa se empregaron 68.209,83 para financiar a incorporación de remanentes, polo tanto temos dispoñibles 854.152,57 euros. Considerase conveniente financiar a presente modificación con este recurso.

Visto que o informe de Intervención de data 14/09/2026, en sentido favorable con observacións.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, este Alcalde propón o Pleno a adopción do seguinte acordo:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 2026/SC/01 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesouraría para gastos xerais, por importe de **142.586,55 euros**, cuxo detalle é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE
231 22699	Gastos diversos	44.320,09€
334 22699	Gastos diversos	15.251,62€
341 22699	Gastos diversos	5.597,00€
920 22699	Gastos diversos	77.417,84€
Total		142.586,55€

ESTADO DE INGRESOS

CONCEPTO DE INGRESO		IMPORTE €
870.00	Remanente de tesouraría para gastos xerais	142.586,55€

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

Coirós, a luns 14 de setembro de 2026.

O alcalde

Asinado: Francisco Quintela Requeijo